

**Resolución do 25 de novembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, nas especialidades de instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco (594417) e de frauta de bico (594411) e no corpo catedráticos de música e de artes escénicas, especialidade de guitarra (593035),**

Mediante Resolución do 19 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en determinadas especialidades do corpo de catedráticos (593) e do corpo de profesores de música e artes escénicas (594) (código de procedemento ED003A).

Mediante resolucións do 10 de novembro de 2021, 12 de novembro de 2021 e do 15 de novembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobáronse, respectivamente, a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, nas especialidades de instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco (594417) e de frauta de bico (594411) e no corpo catedráticos de música e de artes escénicas, especialidade de guitarra (593035).

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra as citadas relacións provisionais e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base oitava da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, nas especialidades de instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco (594417) e de frauta de bico (594411) e no corpo catedráticos de música e de artes escénicas, especialidade de guitarra (593035).



Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) das relacións definitivas de persoas admitidas e excluídas e dos baremos definitivos indicadas no apartado anterior.

Terceiro. De acordo co disposto na base oitava da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

